



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Psicoloxía da aprendizaxe en contextos educativos	Código	652G01007	
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación	Porto Riobó, Ana María	Correo electrónico	ana.prioboo@udc.es	
Profesorado	Ferradás Canedo , María del Mar Freire Rodríguez, Carlos Porto Riobó, Ana María	Correo electrónico	mar.ferradasc@udc.es carlos.freire.rodriguez@udc.es ana.prioboo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia xunto coa "Psicoloxía do desenvolvemento de 0 a 6" configuran o Módulo de Formación Básica do Título: Procesos educativos, aprendizaxe e desenvolvemento da personalidade de 0 a 6 anos (Orden ECI/3854/2007, do 27 de decembro). O núcleo de competencias básicas trata da comprensión dos procesos educativos e da aprendizaxe e dos determinantes persoais e relacionais e contextuais da aprendizaxe escolar.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se producirán cambios, xa que os contidos están íntegros na plataforma virtual Moodle</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Investigación (Proxecto de Investigación)</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>- Actividades de Avaliación inicial. Faranse a través de reunións programadas vía teams nos módulos horarios de docencia expositiva con cada grupo interactivo</p> <p>- Sesión maxistral. Poderá facerse virtualmente (durante os módulos horarios de docencia expositiva) para algúns apartados do temario que revistan maior dificultade ou sexan obxecto de actividades nos traballos tutelados; no resto, resolveranse dúbidas conceptuais, individuais ou grupais, vía teams, durante os horarios de docencia expositiva.</p> <p>- Traballos tutelados. As actividades colaborativas serán guiadas/orientadas virtualmente a través de reunións con portavoces grupais ou chats a través de teams nos módulos horarios interactivos ou indicacións/aclaracións realizadas a través da plataforma moodle</p> <p>- Proba de ensaio Na Modalidade A de avaliación elimínase. Na Modalidade B de avaliación mantense.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado A atención personalizada realizarase durante os módulos horarios da materia interactivos e horario de titorías (para a Modalidade A) e en horario de titorías (para a Modalidades B de avaliación)</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Na Modalidade A de avaliación: a/ os traballos tutelados terán o 80% de peso na avaliación; b/ A investigación constituirá o 20% do peso na avaliación; c/ elimínase a proba de ensaio.</p> <p>Na Modalidade B de avaliación, a proba de ensaio será asíncrona de longa duración con material. con preguntas referidas tanto aos contidos teóricos como prácticos. No día e hora da mesma convocarase ao alumnado únaa reunión en teams para a entrega da proba; unha vez realizada entregarase vía moodle. En canto ao peso da mesma non modifícase (constitúe o 100% da avaliación).</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se farán modificacións na bibliografía-</p>
-----------------------------	--

Competencias do título

Código	Competencias do título
A1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6, no contexto familiar, social e escolar.



A4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
A5	Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico.
A6	Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción cos iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual.
B1	Aprender a aprender.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer, comprender e valorar o coñecemento científico aportado desde a psicoloxía da educación ao estudo dos procesos de cambio comportamental que se producen nos seres humanos como resultado da súa participación en situacións educativas.	A1 A4		
Coñecer, comprender e reflexionar sobre as principais teorías, concepcións e tipos de aprendizaxe e as súas implicacións educativas e valorar a importancia de facer unha aprendizaxe constructiva, significativa e interactiva.	A1	B1	
Coñecer, comprender, identificar e reflexionar sobre algunhas das variábeis máis relevantes propias das situacións educativas escolares de natureza intrapersonal ou propias do alumnado, tanto do ámbito cognitivo como afectivo e a súa incidencia na aprendizaxe escolar.	A1 A5 A6	B1	
Coñecer, comprender, identificar e reflexionar sobre algunhas das variábeis máis relevantes propias das situacións educativas escolares de natureza relacional ou contextual e a súa incidencia na aprendizaxe escolar.	A1 A5 A6	B1	
Planificar e realizar tarefas de forma crítica e creativa, como froito dun pensamento diverxente.		B1 B5 B24	C6 C7
Manexar ferramentas informáticas e utilizar distintos recursos da rede para a procura de información.		B1 B5 B11	C6
Elaborar informes de forma sistemática e planificada a partir de datos obtidos da aplicación de cuestionarios u observación.	A1	B1 B5	C6 C7
Entender o carácter interactivo do proceso de ensino/aprendizaxe nas situacións educativas, e en consecuencia valorar a asistencia á clase como o contexto en que se materializará o mesmo.	A1	B1	C6 C7
Valorar a participación, o diálogo e o debate, cunha actitude de respecto, tanto cara ás quen das como ás ideas, como formas de implicación activa e compromiso coa aprendizaxe.	A5	B5 B24	C7
Sensibilizarse, comprometerse activamente, responsabilizarse e avaliar o propio proceso de aprendizaxe, desenvolvendo hábitos de traballo, esforzo, responsabilidade e actitudes de curiosidade, rigor científico e interese pola aprendizaxe e o traballo ben feito.	A6	B1	C7
Desenvolver técnicas e actitudes favorábeis á cooperación, coparticipación, compromiso e intercambio con outras compañeiras e compañeiros e desenvolver formas de conversación e pensamento exploratorias que favorezan a comprensión e construción do coñecemento.	A6	B1 B5 B24	C6 C7
Recoñecer e valorar as diferenzas individuais rexeitando a discriminación baseada en diferenzas de sexo, clase social, crenzas, raza e outras características individuais e sociais. Aceptar e valorar a diversidade		B24	
Desenvolver actitudes favorábeis cara o desenvolvemento sostíbel.			C4



Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1: O PROCESO DE ENSINO/APRENDIZAXE DESDE A PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN	<ol style="list-style-type: none">1. A transformación da educación en desenvolvemento2. O estudo da aprendizaxe a través da Psicoloxía da Educación<ol style="list-style-type: none">2.1. O obxecto de estudo da P.E.2.2. Os contidos da P.E.3. A sistematización dos procesos de ensino/aprendizaxe escolar <p>Actividades prácticas</p>
TEMA 2: A APRENDIZAXE ESCOLAR NA PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN	<ol style="list-style-type: none">1. Introducción2. Principais enfoques psicolóxicos da aprendizaxe<ol style="list-style-type: none">2.1. Enfoque condutista2.2. Enfoque cognitivo3. Categorías/tipos de aprendizaxe escolar4. Trazos relevantes da aprendizaxe escolar5. Os procesos de aprendizaxe <p>Actividades prácticas</p>
TEMA 3: MOTIVACIÓN PARA A APRENDIZAXE	<ol style="list-style-type: none">1. Introducción2. Que é a motivación escolar e de que depende?3. O compoñente de valor da motivación: as metas académicas<ol style="list-style-type: none">3.1. Metas de aprendizaxe e metas de execución3.2. O sistema educativo e a formación de metas4. Os compoñentes de expectativa e afectivo-emocional da motivación<ol style="list-style-type: none">4.1. As atribucións causais<ol style="list-style-type: none">4.1.1. As dimensións da causalidade4.1.2. Consecuencias cognitivas (expectativas) e afectivas das atribucións de causalidade4.1.3. Estilos atribucionais e motivación4.2. O autoconcepto como variábel motivacional<ol style="list-style-type: none">4.2.1. Teoría de autovalía <p>Actividades prácticas</p>
TEMA 4: COMPETENCIAS SOCIO-EMOCIONAIS	<ol style="list-style-type: none">1. Introducción2. Intelixencia emocional<ol style="list-style-type: none">2.1. A importancia de desenvolver a intelixencia emocional2.2. Habilidades emocionais3. Competencias socio-emocionais4. A práctica da educación emocional na educación infantil <p>Actividades prácticas</p>



TEMA 5: FACTORES INTERPERSOAIS E CONTEXTUAIS QUE AFECTAN Á APRENDIZAXE ESCOLAR	<ul style="list-style-type: none"> 1. Introducción 2. A interacción profesorado-alumnado <ul style="list-style-type: none"> 2.1. Representacións mutuas 2.2. Efectos das expectativas na educación 3. Interacción entre o alumnado <ul style="list-style-type: none"> 3.1. Introducción 3.2. Preferencia e popularidade entre iguais 3.3. Nivel de participación do alumnado <ul style="list-style-type: none"> 3.3.1. Aprendizaxe cooperativa 3.3.2. Tutoría entre iguais 3.3.3. Colaboración entre iguais 3.4. A construción do coñecemento na interacción entre o alumnado <ul style="list-style-type: none"> 3.4.1. Mecanismos interpsicolóxicos 3.4.2. Factores moduladores <p>Actividades prácticas</p>
---	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A1 B5 B24	3	0	3
Sesión maxistral	A1 A4	15	0	15
Traballos tutelados	A1 A4 A5 A6 B1 B5 B11 B24 C4 C6 C7	18	60	78
Investigación (Proxecto de investigación)	A1 A4 B1 B5 B11 C6 C7	4	38	42
Proba de ensaio	A1 B1 B11	2	0	2
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levarán a cabo antes de iniciar o proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar. Presentación da materia.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais (presencial ou virtualmente) e a introdución de algunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de introducir e presentar os coñecementos de cada tema e facilitar a súa aprendizaxe.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado baixo a tutela e guía da profesora ou profesor (de forma presencial ou virtualmente). Trátase de actividades de orientación-execución e de demostración-práctica a fin de que o alumnado, de forma colaborativa, comprenda significativamente en que consiste a aprendizaxe escolar e as variábeis intrapersoais e ambientais que inflúen na mesma para finalmente integralo na súa estrutura de coñecementos.
Investigación (Proxecto de investigación)	Proceso de ensinanza (presencial ou virtualmente) orientado a facilitar a construción expansiva do coñecemento mediante a realización de actividades prácticas (informes/artigos de investigación) realizadas de forma colaborativa ou cooperativa. Estas actividades consistirán na análise e estudo da aprendizaxe escolar e dalgunhas das variábeis intrapersoais e ambientais que inflúen na mesma.



Proba de ensaio	Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada combinada coa capacidade de razoamento. Permite medir as habilidades de síntese, descrición, comparación, relación, explicación, exemplificación, polo que implica un dominio amplo e profundo dos contidos tanto teóricos como das actividades e prácticas desenvoltas na aula.
-----------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Investigación (Proxecto de investigación) Traballos tutelados	A atención personalizada realizarase de forma presencial tanto no escenario da aula como en titorías. Consistirá en guiar e tutelar o proceso da aprendizaxe dos grupos de traballo nas distintas actividades de tipo teórico práctico. Todo isto farase coa finalidade de facilitar que o alumnado comprenda significativamente a información, a integre na súa estrutura de coñecementos e se implique activamente.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Investigación (Proxecto de investigación)	A1 A4 B1 B5 B11 C6 C7	Estas actividades prácticas (informes/artigo de investigación), consistentes na análise e estudo da aprendizaxe escolar e dalgunhas das variábeis intrapersoais e ambientais que inflúen na mesma, serán realizadas de forma colaborativa/cooperativa e entregadas a través da plataforma Moodle na data/s sinaladas no cronograma.	10
Traballos tutelados	A1 A4 A5 A6 B1 B5 B11 B24 C4 C6 C7	Actividades de orientación-execución e de demostración-práctica tuteladas e guiadas pola profesora/profesor co de que o alumnado, de forma colaborativa, comprenda significativamente en que consiste a aprendizaxe escolar e as variábeis intrapersoais e ambientais que inflúen na mesma para finalmente integralo na súa estrutura de coñecementos. Estas actividades, realizadas en grupos colaborativos non superiores a 4 personas, serán entregadas a través da plataforma Moodle nas datas sinaladas no cronograma ao finalizar cada tema.	50
Proba de ensaio	A1 B1 B11	Esta proba de carácter individual realizarase para verificar o grao de adquisición das competencias do "saber" (contidos teóricos) e "saber facer" (actividades e prácticas) Búscase responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada combinada coa capacidade de razoamento. Permite medir as habilidades de síntese, descrición, comparación, relación, explicación, exemplificación. Na MODALIDADE B de AVALIACIÓN esta proba terá o 100% do peso na avaliación.	40

Observacións avaliación



1ª CONVOCATORIA. 1ª

OPORTUNIDADE

Dependendo da asistencia continuada ou non as clases, hai dúas

modalidades de seguir a materia de 'Psicoloxía da aprendizaxe en contextos educativos' que determinan dous modos diferentes de avaliación:

Modalidade A:

Avaliación Continua e Modalidade B de Avaliación Final

? Modalidade A.

Avaliación Continua.

a/ Da presentación por escrito das actividades de grupo de cada un dos temas (traballos tutelados) que suporán un máximo dun 50% da cualificación

b/ Da presentación por escrito das prácticas grupais que se indiquen (investigación/proxecto de investigación) e que suporán un máximo do 10% da cualificación.

b/ proba do ensaio individual sobre os contidos teórico-prácticos da materia. Isto representa como máximo un 40% da cualificación

Para superar satisfactoriamente a materia será necesario presentar todas as actividades (traballos tutelados) e prácticas (investigación) grupais propostas obtendo en cada unha delas o 50% do peso da cualificación e participar no traballo non presencial como mínimo nun 85% das horas traballadas (participación cualificada polos membros do grupo colaborativo). Ademais deberá realizarse a proba de ensaio individual, obtendo igualmente un 50% do peso da cualificación.

A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas en cada un dos elementos da avaliación segundo o seu peso respectivo (esta cualificación a nivel individual pódese ver afectada polas cualificacións que os membros do grupo fagan do traballo realizado por cada membro). No caso de non superar algunha das partes obrigatorias, a nota final será a nota da parte non superada.

?

Modalidade B . Avaliación Final.

Para aquel

alumnado que non asista ao 85% das horas presenciais, alumnado doutras convocatorias/repetidor ou con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de

asistencia, a cualificación virá determinada por unha proba final escrita

dos contidos teórico-prácticos da materia, que constituirá o 100% do peso da avaliación.

1ª CONVOCATORIA. 2ª OPORTUNIDADE

- Na Modalidade A. Terase que repetir a parte obxecto de avaliación en que non se acadou o 50% do seu peso na cualificación

- Na Modalidade B. A avaliación realizarase segundo o

sinalado para a 1ª oportunidade.

OUTRAS CONVOCATORIAS

Nas restantes convocatorias seguirase a Modalidade B de Avaliación Final,

isto é proba escrita dos contidos teórico-prácticos da materia do curso

académico correspondente.



Bibliografía básica	<p>ARTOLA, t. (2013): Psicología de la educación. Zaragoza: Stylo Digital</p> <p>BASSEDAS, E., HUGUET, T. e SOLÉ, I. (2006). Aprender y enseñar en educación infantil. Barcelona: Graó</p> <p>BELTRAN, J. e outros/as (1992). Psicología de la educación. Madrid: EUEDE</p> <p>MABELTRAN, J. e BUENO, J.A. (Eds.) (1995). Psicología de la educación. Barcelona: Marcombo</p> <p>BUENO, J.A. e CASTANEDO, C. (Coords.) (2001). Psicología de la educación aplicada (2ª ed.). Madrid: CCSCOLL, C., PALACIOS, J. e MARCHESI, A. (Comps.) (1990). Desarrollo psicológico y educación, II. Psicología de la educación. Madrid: Alianza</p> <p>Psicológica</p> <p>COLL, C., PALACIOS, J. e MARCHESI, A. (Comps.) (2007): Desarrollo psicológico y educación. II. Psicología de la educación escolar. Madrid: Alianza</p> <p>FERNÁNDEZ, E., JUSTICIA, F. e PICHARDO, M.C. (2007). Enciclopedia de psicología evolutiva y de la educación. Málaga: Aljibe</p> <p>GÓMEZ, A. (2010). Unha viaxe pola infancia. Vigo: Ir Indo</p> <p>GONZÁLEZ PÉREZ, J. e CRIADO, M.J. (2004). Psicología de la educación para una enseñanza práctica. Madrid: CCSG</p> <p>GONZÁLEZ PIENDA, J.A. e outros (Coords.) (2002). Manual de psicología de la educación. Madrid: Pirámide</p> <p>GOOD, T.H.L. e BROPHY, J. (1996). Psicología educativa contemporánea (5ª ed.). Madrid: McGraw Hill</p> <p>HENSON, K.T. e ELLER, B.F. (2000). Psicología educativa para la enseñanza eficaz. México: International Thompson Editores</p> <p>MARCHESI, A. (2004). Que será de nosotros, los malos alumnos. Madrid: Alianza</p> <p>Ensayo</p> <p>MARTÍN SÁNCHEZ, M.V. (2009). Psicología de la educación y del desarrollo en educación infantil. Málaga: Ediped</p> <p>MAYER, R.E. (2004). Psicología de la educación. Madrid: Pearson Educación</p> <p>MIRAS MARTÍNEZ, F. (2001). Psicología de la educación y del desarrollo en la edad escolar. Granada: Grupo Editorial Universitario</p> <p>NAVARRO, J.I. e MARTÍN, C. (Coords.) (2010). Psicología de la educación para docentes. Madrid: Pirámide</p> <p>PELLÓN, R. et al. (2014): Psicología del aprendizaje. Madrid: UNED</p> <p>PONTECORVO, Cl. (Coord.) (2003). Manual de psicología de la educación. Madrid: Editorial Popular</p> <p>PRADOS GALLARDO, M. (2014). Manual de psicología de la educación: para docentes de educación infantil y primaria. Madrid: Pirámide</p> <p>RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, S. (Coord.) (2015): Psicología de la Educación. Grado en Educación Infantil y Primaria. Madrid: Pirámide</p> <p>SAMPASCUAL, G (2001). Psicología de la educación. Madrid: UNED</p> <p>SAMPASCUAL, G (2002). Psicología del desarrollo y de la educación. Vol. II: Psicología de la educación. Madrid: UNED</p> <p>SANTROCK, J.W. (2001). Psicología de la educación. México: McGraw Hill</p> <p>SANTROCK, J.W. (2006). Psicología de la educación (2ª ed.). México: McGraw Hill</p> <p>SPRINTHALL, N.A., SPRINTHALL, R.C. e OJA, S.N. (1996). Psicología de la educación (6ª Ed.). Madrid: McGraw Hill</p> <p>TRIANES, M.V. (Coord.); ABASCAL, J.[et al.] (1992). Psicología de la Educación para profesores. Málaga: Secretariado de Publicaciones</p> <p>TRIANES, M.V. (Coord.) (1996). Psicología de la educación para profesores. Madrid: Pirámide (Biblioteca Eudema)</p> <p>TRIANES, M.V. e GALLARDO, J.A. (Coords) (1998). Psicología de la educación y del desarrollo. Madrid: Pirámide</p> <p>TRIANES, M.V. e GALLARDO, J.A. (Coords) (2004). Psicología de la educación y del desarrollo en contextos escolares. Madrid: Pirámide</p> <p>TRIANES, M.V. e LUQUE, D. (2013): Manual de psicología de la educación para psicólogos. Málaga: Luque Parra</p> <p>WOOLFOLK, A. (1999). Psicología educativa (7ª ed.). México: Prentice Hall</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Os contidos teóricos, actividades e prácticas poden obterse tanto en Moodle como no Servizo de Reprografía da Universidade (na súa redacción utilízouse unha linguaxe inclusiva). As actividades e prácticas entregaranse vía telemática (a través da plataforma virtual Moodle) para contribuír a un desenvolvemento sostíbel, evitando o esgotamento de recursos naturais



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías